

## ESTADO DE TRAMITACIÓN DOS PROXECTOS EÓLICOS QUE AFECTAN CAMPO LAMEIRO

### 1.-PE Acibal

En construción, pero denunciado na Fiscalía.

*Actualización: o Consello da Cultura Galega acaba de emitir un informe que sinala “danos irreparables en importantes manifestacións da arte rupestre galega”, “carencia de avaliación completa” na DIA (Declaración de Impacto Ambiental) e “falta de recoñecemento” ao traballo das comunidades locais por parte da Administración, ademais da “necesidade urxente” dunha revisión das “políticas públicas relacionadas co desenvolvemento eólico en Galicia”.*

### 2.-PE Pico Touriñán

Con autorización de Industria, fóra de prazo de recursos.

### 3.-PE Campo das Rosas

Con autorización de Industria e declaración de utilidade pública.

*Actualización: os concellos de Campo Lameiro, A Estrada e Cerdedo-Cotobade, ademais da asociación ecoloxista ADEGA, presentarán un Recurso contencioso-administrativo no TSXG.*

### 4.-PE Touriñán III-2

Con autorización de Industria.

*Actualización: a asociación ecoloxista ADEGA, co apoio de comunidades locais, está recadando fondos para o procedemento xudicial coa seguinte campaña → <https://tipodesparalos.helpbysc.com/tourinhanIII2>*

### 5.-PE Anduriña

Con DIA favorable, pendente de autorización de Industria.

*Actualización: acaba de publicarse que lle caducou o acceso á rede polo que legalmente xa non poderá construírse pero a tramitación continúa na Xunta e haberá que vixiar o proceso.*

### 6.-PE Zudreiro

Con DIA favorable, pendente de autorización de Industria.

*Actualización: acaba de publicarse que lle caducou o acceso á rede polo que legalmente xa non poderá construírse pero a tramitación continúa na Xunta e haberá que vixiar o proceso.*

### 7.-PE Rosa dos Ventos

En fase de proxecto.

### 8.-PE Alende

Sen información.

### Liñas de Evacuación

- Liña de Alta Tensión Pico Touriñán – Tibo: con DIA favorable.
- Liña de Media Tensión Porto Vidros – Campo das Rosas: con DIA favorable.
- Liña de Alta Tensión Arca – Touriñán III-2: en fase de proxecto.
- Liña de Alta Tensión Anduriña – Monte do Pé: en fase de proxecto.

Fonte: Colectivo do Vento de Campo Lameiro.